



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias decembro 2017

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de decembro deste ano 2017 acadou a cifra de 985.448 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de novembro de 3.709 afiliacións (un -0,37%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.460.201, rexistrando un incremento do 0,23% con respecto a novembro de 2017.

Na comparativa interanual (decembro de 2017 con decembro de 2016) obsérvase un incremento de 21.713 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,25%), e un incremento do 3,42% (611.146 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de novembro de 2017 hai cinco comunidades autónomas con taxas intermensuais negativas: Castilla y León, Extremadura, Galicia, Navarra e Illes Balears. En senso contrario, as comunidades onde máis soben as afiliacións son Andalucía (1,40%), Madrid (0,44%), Canarias (0,33%) e La Rioja (0,30%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Illes Balears, Castilla La Mancha, Canarias e Madrid (todas elas con taxas por riba do 4%). Galicia presenta unha taxa de variación relativas interanual do 2,25% superando porén a: Castilla y León, País Vasco e Asturias. No conxunto do estado atopamos un valor positivo do 3,42%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.460.201	42.445	0,23	611.146	3,42
Galicia	985.448	-3.709	-0,37	21.713	2,25
Andalucía	3.011.953	41.560	1,40	100.201	3,44
Aragón	554.261	1.472	0,27	19.883	3,72
Asturias	360.701	367	0,10	6.286	1,77
Illes Balears	413.770	-16.790	-3,90	17.942	4,53
Canarias	786.492	2.553	0,33	31.281	4,14
Cantabria	211.660	113	0,05	5.968	2,90
Castilla La Mancha	682.497	759	0,11	29.216	4,47
Castilla y León	901.655	-817	-0,09	18.629	2,11
Cataluña	3.300.184	147	0,00	110.747	3,47
Comunitat Valenciana	1.835.004	115	0,01	67.643	3,83
Extremadura	385.010	-584	-0,15	9.295	2,47
Madrid	3.085.622	13.651	0,44	119.364	4,02
Murcia	557.043	1.449	0,26	20.583	3,84
Navarra	274.337	-1.487	-0,54	8.898	3,35
País Vasco	943.987	2.704	0,29	18.696	2,02
La Rioja	125.429	370	0,30	3.222	2,64
Ceuta e Melilla	45.148	571	1,28	1.582	3,63

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,08%, o que supón 10.177 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 2,09% e 8.664 afiliacións máis que en decembro de 2016. Lugo rexistrou o menor incremento relativo cunha taxa de variación do 1,25%, 1.487 afiliacións máis, e Ourense presenta un incremento relativo do 1,38% e 1.385 afiliacións máis que en decembro de 2016.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de decembro con respecto ás do pasado mes de novembro de 2017, rexistrouse un descenso en Galicia do -0,37%. Todas as provincias galegas amosan datos negativos; sendo Pontevedra, cunha taxa de -0,45% e 1.531 afiliacións menos a que reflicte o peor comportamento.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2017	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	422.402	-1.443	-0,34	8.664	2,09
LUGO	120.205	-489	-0,41	1.487	1,25
OURENSE	102.018	-246	-0,24	1.385	1,38
PONTEVEDRA	340.823	-1.531	-0,45	10.177	3,08
GALICIA	985.448	-3.709	-0,37	21.713	2,25
ESPAÑA	18.460.201	42.445	0,23	611.146	3,42


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,2% das afiliacións galegas en decembro de 2017, descenderon un 0,35% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,30%. En España estas taxas presentaron incrementos do 0,34% con respecto a novembro de 2017 e do 4,11% en relación ao mes de decembro de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,16%, sendo Lugo e Ourense as que amosan peor comportamento, cunhas taxas negativas do -1,58% e -1,42% respectivamente. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son tamén negativas en todas as provincias galegas, tendo así unha taxa do -0,30% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta variación negativa con respecto a novembro de 2017 (-0,19%) e positiva con respecto a decembro de 2016 (0,33%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a decembro de 2016 son positivas para as tres provincias costeiras da nosa comunidade, sendo Pontevedra a que presenta o maior incremento, 1,17%. As taxas intermensuais amosan porén o comportamento contrario; A Coruña ten a taxa de variación máis negativa (-3,41%), seguida de Pontevedra (-1,42%) e Lugo (-1,25%). A taxa galega amosa así un descenso do -1,99% con respecto ao pasado mes de novembro e un incremento do 1,02% se a comparación se realiza con decembro de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	422.402	-0,34	2,09
LUGO	120.205	-0,41	1,25
OURENSE	102.018	-0,24	1,38
PONTEVEDRA	340.823	-0,45	3,08
GALICIA	985.448	-0,37	2,25
ESPAÑA	18.460.201	0,23	3,42
R. XERAL			
A CORUÑA	329.948	-0,30	2,99
LUGO	83.489	-0,37	2,50
OURENSE	76.956	-0,26	2,32
PONTEVEDRA	260.458	-0,43	4,25
GALICIA	750.851	-0,35	3,30
ESPAÑA	15.191.483	0,34	4,11
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.221	-0,26	-1,11
LUGO	35.131	-0,46	-1,58
OURENSE	25.061	-0,17	-1,42
PONTEVEDRA	66.659	-0,30	-0,90
GALICIA	213.072	-0,30	-1,16
ESPAÑA	3.204.678	-0,19	0,33
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.233	-3,41	0,71
LUGO	1.585	-1,25	0,96
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.705	-1,42	1,17
GALICIA	21.523	-1,99	1,02
ESPAÑA	61.617	-4,42	2,32

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>